



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2021000049723

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2022-ÁREA DE ARTES E HUMANIDADES

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 30606 de data 05 de xullo de 2022, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2022-Área de artes e humanidades, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido María Rivo Vázquez presentou un escrito desistindo da súa solicitude, polo que a bolsa adxudícase ao primeiro suplente Jacobo Rodríguez Garrido.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1- Aceptar a desistencia da solicitude presentada por María Rivo Vázquez.

2- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: ARES CUBA, GABRIEL

NIF:***1562**

Expediente: 2022000019845

Título do proxecto obxecto da bolsa: *A recepción crítica do teatro de Manuel Linares Rivas en Galicia a través da súa prensa*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: CIDRÁS FUENTES, ALDARA

NIF:***6355**

Expediente: 2022000019628

Título do proxecto obxecto da bolsa: *O casco histórico de Santiago de Compostela a través do seu patrimonio (etno)gráfico: mapeo, arquivo e conservación da carteleiría tradicional da cidade*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: FRAGA PÉREZ, SARA

NIF: ***4484**

Expediente: 2022000021550

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Arte de Raíz. Educación museística dende a tradición oral.*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: GARCÍA FERREIRA, RAFAEL

NIF: ***0828**

Expediente: 2022000021499

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Outubro de 1934 en Compostela. Mobilización, consecuencias políticas e represión*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: RODRÍGUEZ GARRIDO, JACOBO

NIF: ***2731**

Expediente: 2022000018952

Título do proxecto obxecto da bolsa: *Libertos e libertas en Ostia (s. I a.C. - III d.C.). Unha aproximación a sociedade romana imperial dende as humanidades dixitais*

Importe da bolsa: 10.000 €

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220220005735 , por importe total de 50.000 €

4.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente : Valino Vásquez, Noelia

5.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.